

Resolución do 24 de xuño de 2024 pola que se modifica a composición do tribunal cualificador das probas selectivas para a elaboración dunha listaxe de espera para cubrir temporalmente postos da escala técnica superior de administración da Universidade de Santiago de Compostela, subgrupo A1.

Mediante resolución reitoral do 22 de maio de 2024, publicada no Taboleiro Electrónico da USC o mesmo día, convócase as probas selectivas para a elaboración dunha listaxe de espera para cubrir temporalmente postos da escala técnica superior de administración da Universidade de Santiago de Compostela, subgrupo A1, con requisito de idiomas.

Na base quinta de dita resolución dispónse que os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao xerente da universidade, cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

De conformidade coa mencionada base, e como consecuencia da concorrencia da renuncia de dous dos seus membros titulares, o xerente resolve:

Primeiro.- Aceptar a renuncia por abstención de Alba Cachafeiro Requeijo, como presidenta do tribunal cualificador.

Segundo.- Nomear a dona Elsa M^a Mosquera Barcia, funcionaria de carreira da escala técnica superior de administración da USC, como presidenta, en substitución de dona Alba Cachafeiro Requeijo.

Terceiro.- Aceptar a renuncia de don Rubén Regueira Gay, como secretario do tribunal cualificador.

Cuarto.- Nomear a dona Maria del Carmen Soengas Seoane, funcionaria de carreira da escala técnica superior de administración da USC, como secretaria, en substitución de don Ruben Regueira Gay.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela
O Xerente
Antonio Javier Ferreira Fernández
(sinatura dixital)

Taboleiro Electrónico

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 26/06/2024 14:29:23.

CSV: 0226-9CCB-4D5F-B87A